

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

- 3650** *Real decreto 143/2016, do 8 de abril, polo que se aproba o cambio de denominación do Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais pola de Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados da rama industrial da Enxeñaría, Enxeñeiros Técnicos Industriais e Peritos Industriais de España.*

O Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais (Coxeti), mediante escrito do 24 de novembro de 2014, solicitou ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a iniciación dos trámites necesarios para a aprobación do cambio de denominación do dito consello xeral pola de «Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados e Enxeñeiros Técnicos Industriais de España». A esta petición xuntouse certificado, expedido polo citado secretario do Consello Xeral, do correspondente acordo corporativo polo que se aproba o cambio de denominación do Consello para que, logo da tramitación correspondente, se elevase ao Consello de Ministros para a súa aprobación definitiva.

Posteriormente, tras o informe do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a denominación proposta pasou a ser «Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados da rama industrial da Enxeñaría, Enxeñeiros Técnicos Industriais e Peritos Industriais», que recolle a denominación de todos os titulados que se poderán integrar nos colexios.

Así pois, constitúe o obxecto deste real decreto a aprobación do cambio de denominación do Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais, que pasa a ser a de Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados da rama industrial da Enxeñaría, Enxeñeiros Técnicos Industriais e Peritos Industriais de España, para adecuala á titulación que posúen todos os seus integrantes, en cumprimento do artigo 4.5 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, xa que desde hai anos as universidades españolas imparten as titulacións correspondentes de grao na rama industrial da Enxeñaría e, por outra parte, son aínda numerosos os colexiados titulados como enxeñeiros técnicos industriais e peritos industriais.

O artigo 4.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, establece que a fusión, absorción, segregación, cambio de denominación e disolución dos colexios profesionais da mesma profesión será promovida polos propios colexios, de acordo co disposto nos respectivos estatutos, e requirirá a aprobación mediante decreto, logo de audiencia dos demais colexios afectados.

Pola súa parte, o artigo 4.2 dos estatutos xerais dos colexios oficiais de peritos e enxeñeiros técnicos industriais e do seu consello xeral, aprobados polo Real decreto 104/2003, do 24 de xaneiro, establece que a fusión, a segregación e o cambio de denominación dos colexios existentes na actualidade se efectuará de acordo coa lexislación do Estado e coa das comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias. Neste caso, dado o ámbito nacional do Consello Xeral, corresponde ao Goberno a aprobación do cambio de denominación, mediante a adopción do correspondente real decreto.

Durante a tramitación da norma, dando cumprimento ao artigo 4.2 da referida Lei sobre colexios profesionais, consultouse o Consello Xeral dos Colexios de Enxeñeiros Industriais como corporación que pode ver afectado o seu ámbito de actividade. Tamén se solicitou o informe dos ministerios de Facenda e Administracións Públicas, de Educación, Cultura e Deporte, e de Economía e Competitividade.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 8 de abril de 2016,

DISPOÑO:

Artigo único. *Cambio de denominación.*

Apróbase o cambio da denominación do Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais que, en virtude deste real decreto, pasa a ser a de Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados da rama industrial da Enxeñaría, Enxeñeiros Técnicos Industriais e Peritos Industriais de España.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Referencias á denominación anterior.*

As referencias contidas nas normas vixentes ao Consello Xeral dos Colexios Oficiais de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais entenderanse feitas ao Consello Xeral de Colexios Oficiais de Graduados da rama industrial da Enxeñaría, Enxeñeiros Técnicos Industriais e Peritos Industriais de España.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de abril de 2016.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,  
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ